



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CPI A PICOTA

C/ Dolores González Jurjo, 14  
15256 Mazaricos (A Coruña)



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

 <p>CPI A Picota Curso 2011 - 2012</p> <p><b>PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO</b></p>	<p><b>PLAN DE CONVIVENCIA</b></p>
<p>Data de aprobación: <b>31 de xaneiro de 2017</b></p>	<p>Órgano: <b>Consello Escolar</b></p>
<p>Revisións: <b>Substitúe o Plan de Convivencia (2015)</b></p>	



## Contenido

1.	XUSTIFICACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	3
1.1	Compartindo marcos conceptuais.....	3
1.2	Construíndo o Plan de Convivencia.....	5
2.	ANÁLISE DA SITUACIÓN.....	6
3.	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.....	6
4.	DESCRIBIÓN DAS ACTUACIÓNS E PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN.....	7
	LIÑA 1: O OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA.....	9
	LIÑA 2: ESPAZOS E TEMPOS PARA A CONVIVENCIA.....	10
	LIÑA 3: NORMAS DE CONVIVENCIA (NOF).....	11
	LIÑA 4: POTENCIACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL.....	11
	LIÑA 5: A FORMACIÓN DO PROFESORADO.....	13
	LIÑA 6: PROGRAMA DE ORIENTACIÓN FAMILIAR.....	13
	LIÑA 7: ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	15
	LIÑA 8: IMPLICACIÓN DE TODOS OS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	15
	LIÑA 9: APLICACIÓN DAS NOF. PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN.....	17
	LIÑA 10: AULA DE CONVIVENCIA.....	18
	LIÑA 11: O CONTROL E A XESTIÓN DA CLASE. ESTRATEXIAS DE XESTIÓN DE CONFLICTOS NA AULA.....	19
5.	PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.....	24
6.	PROCESOS DE AVALIACIÓN, DIFUSIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	27



# 1. XUSTIFICACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

---

## 1.1 Compartindo marcos conceptuais

Na nosa Comunidade Autónoma créase o **Plan Integral de Mellora da Convivencia Escolar en Galicia** como resposta da Consellería de Educación á demanda social de establecer pautas de traballo sistemáticas que aseguren a formación integral da nosa xuventude, contribuíndo a desenvolver nela as actitudes e os valores cívicos e democráticos que establece a **Declaración Universal dos Dereitos Humanos**.

Os artigos 120 e 124 da Lei Orgánica 2/2006 na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establecen a autonomía dos centros na elaboración das súas normas de convivencia e das de organización e funcionamento. Este artigo 124 dispón que os centros elaborarán un plan de convivencia no que se recollan todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima e a concreción dos dereitos e deberes do alumnado e das medidas correctoras oportunas. Atendendo asimesmo ao establecido na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Os Plans de Convivencia de Centro forman parte deste proxecto global, interdisciplinar e unitario, e tratan de asumir aquela idea de **"pensa globalmente e actúa localmente"**. Nesta liña de pensamento, os Plans deben propiciar cambios positivos nos modelos de organización escolar, nos currículos, no *modus operandi* do profesorado, na formación permanente do mesmo, no alumnado, na relación coas familias; é dicir, no contexto xeral dos centros escolares. Sen dúbida, é un proxecto ambicioso que require un importante esforzo de toda a Comunidade Educativa.

Para comprender o fenómeno da convivencia na súa totalidade e complexidade convén facer unha análise dos factores que se veñen apuntando como responsables do deterioro do clima social dos centros.

- **Factores sociais:** problemas provocados por certas características da sociedade actual e polas diferenzas interculturais ou os derivados de situacións de exclusión social.



- **Factores psicolóxicos:** son de carácter psicolóxico e fan referencia ao efecto de características como a impulsividade, a falta de tolerancia, a frustración, as relacións negativas cos adultos ou as escasas habilidades sociais.
- **Factores educativos:** tipo de ensinanza e de currículo, as metodoloxías, resultados académicos do alumnado, a organización do centro, o tipo de relacións e o nivel de participación que se establece, tanto dos alumnos entre sí como cos seus profesores e entre estes e as familias.

Estes factores educativos foron recentemente resaltados polo Ministerio de Educación e Ciencia no Congreso sobre "A disrupción nas aulas: problemas e solucións" (MEC, marzo 2006), do que se extraen as seguintes conclusións:

- *A disrupción é o problema de convivencia máis extendido na maioría dos centros, cuxo resultado é a interrupción do proceso educativo.*
- *A disrupción está moi relacionada co fracaso escolar e, en consecuencia, o seu tratamento debe abordarse dende os mesmos ámbitos: o currículo, a organización escolar, as interaccións persoais e o estilo docente.*
- *Un modelo integrado de xestión da convivencia implica a todos e esixe o traballo en equipo do profesorado.*
- *Son as solucións de carácter inclusivo, baseadas na restauración do dano causado con tarefas ao servizo da comunidade, as que se amosan máis eficaces.*
- *Atender axeitadamente á diversidade prevén á disrupción.*
- *A titoría constitúe un elemento fundamental para a promoción e mellora do clima escolar. Unha titoría a todos os niveis: grupal, personalizada e coas familias.*
- *A formación inicial e permanente do profesorado pode e debe ser un dos compoñentes básicos da mellora da convivencia.*
- *En moitos casos considérase necesaria a colaboración co profesorado doutros profesionais do ámbito socioeducativo e psicopedagóxico.*

Ademais existe unha percepción xeneralizada de que nos últimos anos se produciu un



incremento notable dos conflitos nos centros escolares, entendidos como problemas de convivencia, que dificultan o normal desenvolvemento dos procesos de ensino-aprendizaxe e que son os que máis preocupan ao profesorado e a comunidade escolar. Sen embargo, son outros os problemas máis visibles e relevantes para a sociedade, pese á súa menor incidencia real, debido ao seu impacto mediático como é o caso do fenómeno do acoso entre iguais (bulling) e da agresión física entre os membros da comunidade educativa.

En xeral, é un problema que preocupa á sociedade no seu conxunto, por iso a mellora da convivencia escolar é obxecto de interese por parte das organizacións sociais, das administracións educativas, e dos centros educativos.

## 1.2 Construindo o Plan de Convivencia

O plan de convivencia enténdese como o documento que serve para concretar a organización e funcionamento do Centro en relación coa convivencia e establecer as liñas xerais do modelo de convivencia a adoptar polo Centro, os obxectivos específicos a alcanzar, as normas que o regularán e as actuacións a realizar nese ámbito para a consecución dos mesmos.

O paradigma educativo no que nos movemos lévanos a falar de convivencia dende unha perspectiva positiva do conflito: **“o conflito é esencialmente un proceso natural a toda sociedade e un fenómeno necesario para a vida humana, que pode ser un factor positivo no cambio e nas relacións, ou destructivo, según a maneira de regulalo”** (Lederach, 1984:45). En consecuencia, se o conflito pode ser un elemento positivo dentro da nosa organización escolar, se se fai crónico e non se resolve, ten moitas posibilidades de pasar a ser un elemento desestabilizador na Comunidade Educativa.

Asemade o Plan de convivencia que defendemos trata de que o **obxectivo de aprender a convivir** forme parte explícita do noso Proxecto educativo. Lembremos que no Informe da UNESCO da Comisión Internacional sobre educación para o século XXI, sinala que aprender a convivir é un dos catro pilares da educación.

**Partindo da necesidade de acadar esta finalidade educativa e social, e de comprender que a convivencia non significa ausencia de conflito nin debe ter como obxectivo a súa eliminación, pero sí a súa xestión, deseñamos o Plan de Convivencia.**



## 2. ANÁLISE DA SITUACIÓN

---

Resulta imprescindible coñecer en profundidade cal é a realidade do centro en relación ó noso clima escolar e aos problemas de convivencia existentes para delimitar o punto de partida do Plan de Convivencia do Centro:

### Actuacións:

- Creación do Observatorio da Convivencia.
- Diagnóstico do clima escolar e da convivencia atendendo a tódolos sectores que conformamos a comunidade educativa.
- Realización de seguimento do clima e da convivencia escolar na Comisión de Convivencia.

## 3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

---

Coa posta en marcha deste Plan de Convivencia sentamos as bases para acadar as seguintes intencións:

- Promover a **cultura da convivencia** pacífica no centro, xestionando de forma creativa, enriquecedora e democrática o conflito.
- Transmitir os **valores democráticos** a través das vivencias diarias e das múltiples actuacións do centro, creando puntos de encontro que favorezan as relacións sociais entre tódolos membros da comunidade educativa.
- Favorecer **procesos comunitarios e colaborativos** que posibiliten a xestión da convivencia escolar.
- **Avaliar e estudar de forma continuada o clima social do centro, analizando os casos de conflito que xurdan.**
- **Aplicar axeitadamente as normas de convivencia** establecidas.
- Fomentar o **diálogo** como elemento favorecedor da prevención e resolución de conflitos en todas as actuacións educativas.




- **Acondicionar e embelecer as instalacións do centro e o seu entorno** para que sexan o máis acolledoras posible.

## 4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS E PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN

---

Segundo o artigo 3 da Lei 4/2011 de 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa, o proxecto educativo de cada centro incluírá un plan de convivencia que recolla os fins e principios establecidos neste artigo. O plan de convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. É un proxecto de reflexión e pensamento no que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia, e integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

O Plan de Convivencia enmarca os dous niveis de intervención básicos: **prevención e intervención**. A prevención polo seu sentido universal diríxese a toda a comunidade educativa e tratará de promover un clima social positivo entre todos os seus membros, así como ofrecer estratexias para a resolución pacífica e enriquecedora dos conflitos, facilitando a convivencia; pola súa banda, a intervención vai dirixida a certos sectores da comunidade que estén vivenciando algunha situación de conflito, ou de cara a previr situacións conflitivas máis graves.







## CONCRECIÓN DAS MEDIDAS

### LIÑA 1: O OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA

No decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar, reflíctese no seu artigo 7 que *os centros educativos.....no seo do consello escolar constituirán un Observatorio da Convivencia Escolar, que funcionará en Pleno.....Manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.*

As funcións do Observatorio da Convivencia, contempladas nesta Orde, son:

- A participación na dinamización do plan de convivencia do centro e na mediación escolar.
- A elaboración dun informe anual sobre a análise de convivencia e conflitividades no seu ámbito, que será trasladado ao Observatorio de Convivencia escolar a nivel provincial.
- A coordinación de actuacións conxuntas dos ámbitos implicados e relacionadas coa convivencia.
- Propoñer á Administración Educativa todas aquelas medidas que se consideren oportunas para a mellora da convivencia escolar no centro.

Aqueloutras que lle sexan encomendadas pola Administración educativa. Ademais, no marco do Plan de Convivencia asumirá as seguintes funcións:

- Elevar os informes ao Consello Escolar sobre aspectos de convivencia sempre que o considere oportuno.
- Reflexionar sobre problemas de convivencia dos grupos, elevando informe á Dirección, ao Titor e a Xunta de Delegados.
- Velar polo correcto exercicio dos dereitos e deberes de tódolos membros que compoñen a Comunidade Educativa.



O Observatorio de Convivencia queda constituído polos seguintes compoñentes:

- A directora do centro
- Os xefes de estudos
- Catro representantes do profesorado
- Orientadora do centro
- Un representante do alumnado
- Unha persoa da asociación de pais e nais
- A persoa do Consello Escolar do Centro que desempeña as funcións de desenvolver programas e iniciativas de coeducación
- Unha persoa representante do persoal non docente

Unha das persoas anteditas, con destino no centro educativo, actuará como secretario ou secretaria e levantará acta.

Como nesta normativa faise constar que pode estar aberto á participación do titor relacionado co tema que se analice e dos profesionais de sanidade, dos servizos sociais e das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia escolar. Asemade, cando as necesidades psicopedagógicas dun alumno demanden a participación do especialista de saúde que o atenda, de ser o caso, tratarase de que este profesional poida asistir ao Observatorio de Convivencia.

## LIÑA 2: ESPAZOS E TEMPOS PARA A CONVIVENCIA

TODOS os membros da comunidade educativa deberán potenciar un clima escolar positivo que permita unha convivencia baseada en principios democráticos de respecto e tolerancia no marco da Declaración Universal de Dereitos Humanos, por riba de crenzas e valores persoais. Consecuentemente, todos temos a obriga de contribuír a que no centro se xenere un **clima positivo de traballo e estudo**, que posibilite o desenvolvemento das capacidades de todos os membros da comunidade educativa, nun ambiente no que non existen interferencias de conflitos, agresións ou ameazas. Enténdase que a convivencia pacífica



non é aquela na que non existen conflitos, senón aquela na que os conflitos se resolven de maneira non violenta. Para iso, **debemos chegar a un compromiso sobre as normas que rexen a vida dos centros, as consecuencias polo seu incumprimento, a colaboración de todos e todas nas distintas tarefas educativas, curriculares e complementarias, na participación, na organización e na xestión do centro e, de maneira inequívoca, no rexeitamento a calquera manifestación de violencia.**

- Busca de espazos e tempos para a convivencia entre o profesorado, permitiéndonos establecer vínculos de compañeirismo, diálogo, cooperación.... primando as relacións informais (compartir o café, conversas na sala de profesores, participación nas comidas e nas festas...).
- Busca de espazos e tempos para a convivencia entre o alumnado, especialmente mediante as actividades complementarias e extraescolares, as sesións de tutoría, os tempos de recreo, as conmemoracións das distintas efemérides.....
- Promoción dun diálogo construtivo entre a Dirección e o resto dos membros da Comunidade Educativa, primando ante outras actividades de mera xestión a atención personalizada por parte dos membros do equipo directivo a cada persoa que así o requira.
- A consolidación de actividades e festexos como a festa de Nadal e a de Fin de Curso, A Semana da Saúde, A Semana das Letras Galegas, e outras efemérides, Xornada de Convivencia co alumnado dos centros adscritos, a Ruta de Sendeirismo fin de curso...

### LIÑA 3: NORMAS DE CONVIVENCIA (NOF)

Regulamento de Normas de Organización e Funcionamento (NOF) e adaptación de aspectos do PEC á nova normativa e á realidade social do centro (véxase NOF)

### LIÑA 4: POTENCIACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL

- Compromiso de exercer a tutoría individual e de grupo, dentro da función docente, dirixida a todos e cada un dos alumnos, principalmente para atender ao alumnado con necesidades educativas específicas. Lembremos que a función titorial é inherente á función



docente, co cal tódolos profesores somos  
titores.

- Potenciar a figura do profesor titor como mediador das relacións alumno- alumno, alumno-profesor, centro – familia.....
- Necesidade de mellorar a coordinación titor-equipo docente, titor-profesora de apoio, titor-orientadora- xefa de estudos. A relación é máis informal que formal ao non contar cunha hora de coordinación semanal fixa e, polo tanto, menos sistemática, cuestión a ter en conta de cara ao vindeiro curso.
- A elección do titor, especialmente nos grupos de 1º de ESO, así como naqueles grupos que polas súas características relacionadas co rendemento, motivación, cohesión social... se considere oportuno, farase en base, preferentemente, aos seguintes criterios:
  - Perfil competencial e actitudinal: empática, dinamizadora, colaboradora, afín as necesidades do adolescente.....
  - Voluntariedade.
  - Darlle potestade para exercer a titoría axeitadamente (convocatoria de reunións, mediación nos conflitos, coordinación coas familias...)
  - Primar a titoría sobre outras actividades, con contraprestacións do tipo: anular gardas, bibliotecas...
  - Destino definitivo no centro.

Se as necesidades organizativas do centro o permiten **intentarase** manter o mesmo titor/a ao longo de 1º e 2º da ESO, así coma de 3º e 4º da ESO.

En Educación Primaria **intentarase** que o titor acompañe ao mesmo grupo-clase ao longo de dous cursos. En Educación Infantil, **intentarase** que o profesora/a permaneza toda a etapa co grupo de alumnos. En todo caso, os criterios pedagóxicos hai que complementalos cos criterios organizativos.



## LIÑA 5: A FORMACIÓN DO PROFESORADO

- Impulsar proxectos de formación e innovación contextualizada no propio centro, sobre aspectos directamente relacionados co clima escolar, como por exemplo, as docencias sobre aprendizaxe cooperativa, competencias básicas,
- Participar na oferta de actividades formativas (xornadas, encontros, congresos) para difusión e intercambio de experiencias de boas prácticas educativas.
- Formación por conta propia en educación emocional. Como “formadores de personas” é fundamental que o alumnado desenvolva estratexias non violentas para afrontar os conflitos e unha boa competencia social.

## LIÑA 6: PROGRAMA DE ORIENTACIÓN FAMILIAR

- **Programa de Orientación Familiar**, dende este curso e en colaboración cos colexios da zona vimos implementando este Programa como un **instrumento de asesoramento e formación sistemático e accesible ás familias**. Dito programa abrangue aos demais Departamentos de Orientación de zona adscritos a este instituto e canalízase a través de diversas actuacións, tales como:
  - Acollida inicial ás familias.
  - Asesoramento individualizado as familias.
  - Mediación familia-escola.
  - Apoio nas entrevistas familia-titores/as.
  - Ciclo trimestral de charlas – coloquio, a modo de asesoramento grupal, (partindo de que hai unhas necesidades de formación comúns a moitos contextos familiares
  - Coordinación periódica con servizos sociais a través da psicóloga e a educadora familiar.
- **Entrevistas periódicas titor- familia**: débense ter claros os obxectivos da mesma, para



concentrar esforzos en conseguilos e evitar desviacións. Ao rematar a entrevista á familia debe ter claros os acordos tomados e as implicacións educativas e familiares que se derivan dos mesmos.

Algúns dos **obxectivos** posibles son, a saber:

- INFORMAR
- RECOLLER INFORMACIÓN
- CONSEGUIR COLABORACIÓN DA FAMILIA
- CONSEGUIR COMPROMISOS
- ORIENTAR E ASESORAR
- ADOITAR ESTRATEXIAS COMÚNS

Para que a entrevista sexa efectiva hai que ter en conta unha serie de **precaucións**:

<b>Ter en conta</b>	<b>Evitar</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Preparar a entrevista e recoller, con antelación á mesma, información do rendimento e conduta do alumno en todas as materias.</li> <li>• Crear un clima positivo de confianza e colaboración.</li> <li>• Ter claro o obxectivo da entrevista e facelo explícito ao principio.</li> <li>• Amosar unha actitude comprensiva e empática: poñerse no lugar dos pais.</li> <li>• Facer recapitulacións de vez en cando.</li> <li>• Deixar que os pais se expresen con liberdade.</li> <li>• Centrarse no tema, cunha linguaxe sinxela e directa.</li> <li>• Non ter presa nin aparentala.</li> <li>• Non falar demasiado.</li> <li>• Non facer xuízos prematuros.</li> <li>• Facer preguntas mais delicadas na metade da entrevista.</li> <li>• Axudar a clarificar a situación sen impoñer a solución.</li> <li>• Centrarse no futuro.</li> <li>• Rebaixar a tensión e a hostilidade como premisa para abordar calquera tema.</li> <li>• Postergar a entrevista cando están agresivos ou non queren avanzar.</li> <li>• Ao final facer un resumen dos acordos e compromisos.</li> <li>• Agradecer a colaboración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Converterse en xuíz.</li> <li>• Converter a situación nun interrogatorio.</li> <li>• Querer controlar a situación totalmente.</li> <li>• Limitarse a dar a información.</li> <li>• Presentar o problema como algo irresoluble.</li> <li>• Buscar culpables.</li> <li>• Tomar partido só polos pais ou só polo alumno.</li> <li>• Amosar presa.</li> <li>• Querer resolver todo nunha soa entrevista.</li> </ul>



- As entrevistas coas familias realizaranse na **“sala de atención a pais/nais”** habilitada durante o curso 2008/09 para tal fin, e en Educación Primaria nas aulas correspondentes. Cando o titor /a considere necesaria a participación da orientadora ou calquera outro membro do departamento de orientación, a reunión poderá realizarse no propio departamento.

## LIÑA 7: ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención educativa, en xeral, e a atención curricular, en particular, revélanse como estratexias de intervención privilexiadas para reducir os problemas de convivencia. De aí a necesidade de atender á diversidade de intereses, motivacións, capacidades diversificando e adaptando a metodoloxía e os demais elementos do currículo.

O deseño das liñas básicas que segue o centro educativo na atención á diversidade contémpanse na Concreción Curricular e no Plan de Atención á Diversidade.

## LIÑA 8: IMPLICACIÓN DE TODOS OS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA

- Implicación das familias na Convivencia, especialmente a través da colaboración coas asociacións de pais e nais.
- Reunión semanal cos Servizos Sociais de Atención Primaria. Asemade coordinámonos mediante este servizo coa Fiscalía de Menores, nos casos de desamparo, negligencia e malos tratos no entorno familiar, así como nos casos máis graves de absentismo.
- Coordinación e colaboración co Organizacións Xuveniles e co Servizo de Xuventude do concello.
- Coordinación e colaboración co Concello para desenrolar programas e actuacións enmarcadas nos Plan de Coeducación e Igualdade.
- Coordinación e colaboración con asociacións da Comarca para desenrolar e fomentar as relacións institucionais e macrosociais. E traballar temas de interese para a comunidade educativa.



### Participación do alumnado:

- **Elección de delegado:** a elección de delegado debe realizarse de forma seria e rigorosa, require dunha planificación por parte do titor e dunha preparación grupal e individual por parte dos alumnos.
- Fomentar a responsabilidade compartida nas tarefas de liderazgo formal dentro de cada aula mediante a elección de delegados e subdelegados de curso.
- Implicación no acondicionamento e xestión da aula e demais espazos comúns: pintura de aulas e pasillos, decoración con traballos, premios ou fotos de momentos significativos como excursións e festexos, coñecemento dos gastos do centro en reparacións e mantemento do mesmo, etc.
- Clubs de lectura

### Participación da familia:

- Mediante a xornada de Portas Abertas ás familias do alumnado de nova incorporación ao centro, o acompañamento na excursión de fin de curso en educación infantil, a participación na xornada de elaboración dos disfraces de carnaval...
- A Biblioteca como un espazo aberto á Comunidade: cada curso habilitarase un horario que permita o acceso das familias aos fondos da Biblioteca.





## LIÑA 9: APLICACIÓN DAS NOF. PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN

### ANTE UN CONFLICTO, QUE FACER?

#### FAVORECE A RESOLUCIÓN

- Acougar
- escoitar
- Usar linguaxe respetuosa
- Diferenciar o problema da persoa
- Focalizar a atención no problema
- Defender posición respectando os sentimentos da outra parte
- Saber pedir desculpas
- Propor solución
- Atopar acordos
- Ter espazos e tempos

#### ENTORPECE A RESOLUCIÓN

- insultar
- Ameazar
- Culpabilizar
- Acusar
- Desprezar, ridiculizar
- Xulgar
- Xeneralizar, etiquetar
- Pegar
- Sacar outras cuestións
- Non responsabilizarse

#### PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE CONFLICTOS

1. Parar e calmarse
2. Identificar e describir obxectivamente a situación problema
3. Xerar solucións (brainstorming).
  - Min/demais.
  - Corto/longo-plazo.
4. Anticipar consecuencias
5. Elexir a mellor solución
6. Actuar
7. Revisar.

- **Ante un altercado entre iguais:**
- **Ante conductas disruptivas:**
- **Ante un altercado alumno-profesor:**
- **Ante un altercado profesor-familia:**
- **Ante abuso entre iguais:**

Cando se detecte algún caso de abuso, dende o departamento de orientación intervénse con cada alumno implicado (víctimas, agresores e grupo espectador) e de considerarse



necesario coa colaboración doutros profesores que teñan máis ou mellor relación cos implicados.

Esto non exime ao agresor da sanción correspondente según as NOF. O titor dará parte ao xefe de estudos, e o equipo directivo actuará en consecuencia. En todo caso serán citadas as familias dos alumnos implicados e, de considerarse necesario darase parte as instancias pertinentes.

▪ **Evitar comportamentos como:**

Etiquetaxe: *esta clase é insoportable, sempre te portas mal...*

Mezclar os sentimentos persoais coa acción provocadora do conflito: *non soporto que me...*

Responder ao insulto

Propiciar o efecto halo e a baixa autoestima

Caer na contradicción: *¡ téñovos dito que non berredes! (facelo berrando)*

## LIÑA 10: AULA DE CONVIVENCIA

É un espazo físico para a reflexión, revelándose como unha alternativa á expulsión de aula ou do centro e configurándose como unha resposta pacífica e resolutive aos conflitos. Basicamente comprende dúas funcións:

1. atender ao alumnado que non pode permanecer na súa aula por se ver envolto nun conflito (con compañeiros ou profesorado),
2. Derivar a persoa e o problema a outra instancia resolutive de conflito do centro, (enténdese pois que se esgotaron outras medidas máis ordinarias).

A Aula estaría atendida un número determinado de horas á semana según a disposición horaria do profesorado e dos membros do equipo directivo.

Traballárase con dous protocolos:

**Caso a)** Unha vez acontecido o conflito, o profesor que estea na clase cobre o parte de incidencia relatando o sucedido. O alumno acode á Aula de Convivencia co delegado ou co profesor de garda; unha vez alí, a persoa a cargo da aula faulle cubrir unha ficha de reflexión. Seguidamente, o alumno fará unhas actividades de reforzo e recuperación previamente arquivadas na Aula. O parte de incidencias seguirá o cauce normalizado (titor e, se fora




oportuno, Comisión de Convivencia).

**Caso b)** Unha vez tratado o conflito no Observatorio de Convivencia pode acordarse como corrección que o alumno acuda un certo número de sesións á Aula de Convivencia a que realice actividades (pedagóxicas e/ou curriculares segundo se determine no Observatorio).

## LIÑA 11: O CONTROL E A XESTIÓN DA CLASE. ESTRATEXIAS DE XESTIÓN DE CONFLICTOS NA AULA


- A contribución do profesor á mellora do clima relacional e do rendimento dos seus alumnos depende fundamentalmente da súa **capacidade de xestión ou conducción da clase**.
- **O profesor é un xestor de condicións** que está permanentemente de forma consciente ou inconsciente, creando oportunidades favorables ou desfavorables: contribúe á convivencia ou á disrupción, á atención ou á distracción, ao traballo ou á pasividade....
- A xestión eficaz supón a manipulación en beneficio propio e do alumno, das variables referidas aos tres elementos inmediatamente presentes na aula: o alumno, o currículo e o propio profesor.





Premisas básicas para ter en conta á hora de xestionar a clase:

- A creación de condicións favorables é a base para que se produza a aprendizaxe.
- O profesor debe promover condicións idóneas conxuntamente cos seus alumnos, para o cal precisa planificalas e coordinalas con outros profesores.
- Sempre se están creando condicións de atención ou distracción, de convivencia ou de disrupción. O que non actúa, permite.
- O profesor debe adaptarse funcionalmente á situación, rectificando o disfuncional e rediseñando situacións novas.
- O profesor debe ser un entrenador de competencias que o alumno non posee e debería poseer, pero antes debe dominar él ditas competencias. Non se pode exixir o que non se ten.
- A actuación improvisada e en solitario é a vía máis directa para ter problemas.





**Variables a ter en conta na xestión da aula:**

- Distribución e ocupación do espazo, visualizando a todo o alumnado.
- Distribución e uso do tempo.
- Discurso do profesor e interacción verbal.
- Interacción non verbal e paraverbal
- Reacción inmediata ante a disrupción
- Estilo motivacional
- Preparación e xestión das actividades e das tarefas de aprendizaxe.
- Uso do eloxio e do reforzo
- Distribución do poder e exercicio de autoridade dentro da aula

**Condicións para facer da aula un espazo de convivencia:**

- Crear grupo
- Xestionar a aula dende a disciplina democrática
- Implementar programas específicos de intervención: habilidades de vida, resolución de problemas, dilemas morais, educación para a Paz...

**Crear grupo**

- Actitude do profesorado
- Uso de metodoloxías participativas, aprendizaxe cooperativa
- Xogos cooperativos e dinámicas de grupo (especialmente o titor)
- Xestión democrática e cooperativa de todos
- Aplicación de técnicas alternativas de resolución de conflitos



## Disciplina e xestión democrática

A xestión democrática baséase na participación do alumnado na xestión da aula mediante a elaboración das normas de convivencia, a elección de delegado, as asembleas ... O profesor debe garantir, ou cando menos posibilitar, que a aula sexa un espazo para exercer os dereitos e deberes da cidadanía. A disciplina na aula debe basearse no DIÁLOGO, no RAZONAMENTO, na NEGOCIACIÓN e na PERSUASIÓN. O que pretende é a cohesión e confianza, integración, autoestima positiva, autonomía e a emancipación, empatía, boas relacións interpersonales e a aprendizaxe cooperativa. Debe evitar a exclusión, o medo, ameazas, sumisión, ridiculización ou humillación, silencio como norma constante, dominio, indiferencia, trato impersonal, derrotismo e competitividade.

A disciplina democrática iníciase na discusión e negociación das normas que regulen a convivencia.

Características das normas:

- As normas han de estar nun lugar visible
- Ser motivo de reflexión ao longo do curso
- Ante un conflito ou situación nova non prevista, analizar o sucedido coas normas que pouco a pouco se van aprobando

Se a situación xa tiña o seu reflexo nas normas, analizar e se é necesario modificar a norma ó corrixir o comportamento. Se a situación non tiña correspondencia cunha norma de clase se propón unha nova tras ser discutida, sentida e aprobada por parte de toda a clase.

Progresivamente conformamos o panel coas normas da clase.

Será necesario implicación de todos en la discusión e elaboración das normas de convivencia e garantir o maior coñecemento posible das mesmas

**O panel colocarase nun sitio visible, operativo e será firmado polos alumnos e profesorado do grupo.**

O delegado de grupo elevará a proposta de normas á Asemblea de Delegados.



## 5. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO

---

O fenómeno de acoso escolar, maltrato entre iguais ou bullying atópase presente ao longo da historia, pero nos últimos anos adquire interese social debido ao aumento e gravidade dos feitos e ao contorno onde se produce, o educativo.

O fenómeno de Bullying ou acoso escolar defínese como **“unha conduta de persecución física e/ou psicolóxica que realiza un alumno ou alumna contra outro, ao que elixe como vítima de varios ataques”** (Don Olweus).

Trátase pois dunha situación continuada no tempo e de grande intensidade, na que unha das partes se sente poderosa e asume o papel de agresor, mentres que outra parte se sente vulnerable e asume o papel de vítima.

Convén pois distinguir unha situación de acoso das pelexas ou incidentes violentos puntuais que se podan producir na escola. Nestas situacións puntuais as dúas partes atópanse en situación de igualdade.

Algunhas destas manifestacións de acoso poden exercerse a través das TIC: teléfono móbil, correo electrónico, redes sociais... Estaríamos ante unha situación de ciberacoso.

### Prevenición

Se ben no CPI A Picota non se detectan situacións que poidan clarificarse como de acoso escolar ou ciberacoso, convén estar alerta entre posibles manifestacións e sobre todo incidir na formación e concienciación dos membros da comunidade educativa sobre este problema, de tal xeito que incidamos na prevención.

Estas **medidas preventivas** han de levarse a cabo de xeito coordinado polos equipos docentes, o equipo directivo e o departamento de orientación. E deberán tramitarse a todos os sectores da comunidade educativa.





### Estratexias

- Estilo de dirección que favoreza a participación e a comunicación dos problemas.
- Asesoramento do do orientador/a ante situacións que puideran derivar en acoso.
- Reunións periódicas dos titores e o orientador/a co obxecto de deseñar accións conxuntas que melloren a convivencia no centro.
- Difusión á comunidade educativa do plan de convivencia e do NOF.
- Dar a coñecer os dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa.
- Organización de grupos de traballo que favorezan as relacións persoais.
- Organización de centro respectuosa coa diversidade e que fomente a inclusión.
- Rexistro de conflitos co fin de ter unha visión global e introducir en consecuencia as modificacións necesarias.
- Establecer centros de denuncia de situacións de acoso con garantía de confidencialidade.
- Vixilancia de zonas comúns: corredores, recreos, entradas e saídas ...
- Programas de desenvolvemento das habilidades sociais e resolución pacífica de conflitos.
- Organizar encontros, conferencias e obradoiros orientados á construción dunha convivencia positiva.

### Detección

É sabido que a detección destas situacións non é fácil, pois **mantense co silencio dos que o exercen, de quen o padece e de quen o ve e non o remedia** . E imprescindible pois estar, ademais da prevención, vixilantes ante situacións que puideran derivar en acoso ou ciberacoso, de tal xeito que se poda atallar nos seus inicios.

Hai que incidir na concienciación de todos os membros da comunidade educativa da necesidade e a obriga de por en coñecemento do titor/a ou do equipo directivo a sospeita ou coñecemento dunha situación de acoso.

### Actuación

**Primeira fase.** Ante o coñecemento dunha situación de acoso ou ciberacoso adoptaranse unhas medidas urxentes nas que primará o interese da presunta vítima sobre calquera outra consideración:

- Vixilancia das persoas implicadas.
- Vixilancia dos lugares onde se poda producir o suposto acoso.



- Medidas controladoras que impidan o contacto entre a vítima e o/os posible/es acosador/es.
- Comunicación e solicitude de colaboración ás familias.
- Asignación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima.
- Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos (sociais, sanitarios, xudiciais...).

Nunha **segunda fase**, unha vez adoptadas as medias que protexen a vítima, débese recadar, de xeito discreto toda a información posible sobre a situación: observación directa, vixilancia de zonas de risco (cambios de clase, corredores, baños ...), entrevistas individuais có alumno acosado, acosador, familias, compañeiros, profesores e calquera outra persoa do centro ou de fora do centro que puidera aportar información.

Solicitarase o asesoramento e apoio técnico do departamento de orientación.

De ser o caso solicitarase tamén o asesoramento e apoio a outros profesionais educativos e/ou organismos ou axentes externos, especialmente no caso de ciberacoso (axencia española de protección de datos, policía local, policía autonómica, garda civil, policía nacional).

**Terceira fase.** Análise da situación e adopción de medidas: Cando se confirme a situación de acoso escolar ou ciberacoso hai que distinguir entre as medidas de protección á vítima e as medidas correctoras da persoa ou persoas agresoras.

#### **Medidas correctoras e reeducadoras para a persoa ou persoas agresoras**

As actuacións que constitúan acoso escolar ou ciberacoso serán consideradas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e non poderán ser corrixidas sen a previa instrucción dun expediente disciplinario. Unha vez iniciado a tramitación de expediente a dirección do centro notificarallo.

- Ao alumnado implicado e ás súas familias.
- Ao servizo de Inspección Educativa.
- Ao profesor/a titor/a do alumnado implicado.

Con independencia de tramitación ou non dun expediente disciplinario unha vez analizada a información a persoa responsable da tramitación elaborará unha proposta de medidas que haberá que poñer en marcha no centro, nas aulas afectadas e co alumnado implicado e as súas



familias. Estas medidas han de ter un **carácter reeducativo**, tendente á reflexión e toma de conciencia dos feitos, ao cambio de actitude a través de estratexias de modificación de conducta, desenvolvemento da capacidade de empatía e da formación en habilidades sociais. Dende o Departamento de Orientación valorarase a necesidade de derivación a servizos terapéuticos externos. Esas medidas terán tamén un **carácter corrector** e de reparación do dano causado, de ser o caso. Deberán garantir ademais o respecto dos dereitos do alumnado e procurar a mellora das relacións de todos os membros da comunidade educativa.

#### **Medidas de protección á vítima**

Deberán ser revisadas as medidas vixentes adoptadas na primeira fase, agora que se coñece a fondo a situación, e ver si estas son suficientes ou deberán variarse en función das necesidades particulares do alumno ou alumna vítima do acoso. Dende o Departamento de Orientación valorarase a necesidade de derivación a servizos terapéuticos externos.

#### **Outras medidas**

- Campañas de sensibilización, mediación e apoio entre compañeiros, programas de habilidades sociais co grupo /clase e co alumnado observador.
- Fortalecer a implicación da familia na vida escolar e a responsabilidade na toma de decisións conxuntas sobre os seus fillos e fillas
- Formación específica que favoreza a detección precoz na aula ante situacións de acoso.

## **6. PROCESOS DE AVALIACIÓN, DIFUSIÓN E SEGUIMIENTO DO PLAN DE CONVIVENCIA**

---

O Plan de Convivencia do centro forma parte da Concreción Curricular e do Proxecto Educativo e, polo tanto, está suxeito a un proceso de revisión continua no marco da Comisión Pedagóxica, do Claustro e do Consello Escolar.

A titoría, o equipo directivo e o departamento de orientación serán órganos activos no seguimento e avaliación do Plan de Convivencia. En todo caso, deseñaranse instrumentos de avaliación da convivencia e do clima social do centro, para "dar voz" a todos os sectores da comunidade educativa acerca deste tema.